



**EXPEDIENTE:** PR946B 2017/000002-0

**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

**Nº REGISTRO:** F-00981

## RESOLUCIÓN

Á vista da solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 3 /2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e co Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable é polo que

### RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia as modificacións seguintes:

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS. Aprobación dos Estatutos para a súa adaptación á lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia en assemblea xeral extraordinaria do 16 de decembro de 2016.**

De acordo co artigo 54.7 da lei 3/2012 de 2 de abril os estatutos das federacións deportivas e as súas modificacións publicaranse no DOG, previa aprobación de estos pola administración autonómica no prazo máximo de tres meses dende a súa presentación no rexistro.

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza del Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro de 2017

**A SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE**

Marta Míguez Telle

SR. PRESIDENTE DE FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA




DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia foron ratificados e inscritos co núm. 10731 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Disposicións Santiago, a 9 de Xaneiro de 2012  
O/A FUNCIONARIO/A

Capítulo I

Denominación, natureza xurídica, obxecto social e domicilio



Artigo 1º

A Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, no sucesivo FESSGA, é unha entidade privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e patrimonio propio e independente dos seus asociados, dedicada á promoción e práctica do salvamento acuático e socorrismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

A FESSGA rexerese polo disposto na Lei 3/2012, de 13 de abril, do deporte; Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas; Decreto 228/1994, do 14 de xullo, que regula a actividade das federacións deportivas galegas, e demais normas de aplicación, así como polos presentes estatutos, e disposicións regulamentarias de orde interna que sexan debidamente aprobadas.

A FESSGA, non terá discriminación ninguna, xa sexa política, racial ou relixiosa, nin tolerará inxerencias de tal carácter no ámbito do seu cumprimento.

Artigo 3º

A FESSGA está integrada na Federación Española de Salvamento y Socorrismo, e ostenta a súa representación exclusiva na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, está integrada por clubs, sección deportivas, deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos co obxectivo de practicar a modalidade do salvamento acuático e socorrismo en calquera das súas vertentes e especialidades.

Artigo 4º

A FESSGA ten como obxecto social promocionar, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concurrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia

*[Handwritten signatures]*

#### Artigo 5º

A FESSGA dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do salvamento acuático e socorrismo, exercerá, baixo a coordinación e tutela da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

5.1) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas.

5.2) Fomenta-lo desenvolvemento e práctica do mencionado deporte, en tódalas súas facetas, e calquera ampliación recomendada pola Federación Española de Salvamento y Socorrismo, regula-la súa técnica e organizar campionatos e competicións.

5.3) Impartir los cursos de salvamento acuático e primeiros auxilios, e expedir las correspondentes titulacións de carácter profesional.

5.4) Colaborar nas operacións de salvamento acuático e socorrismo en medios acuáticos e calquera outros para as que sexa requirida.

5.5) Colaborar, se é preciso, coa Federación Española no deseño, elaboración e execución dos plans de preparación dos deportistas de alto nivel, así como participar na elaboración das listas anuais de selección.

5.6) Formar, en colaboración coa Federación Española, os técnicos deportivos, así como previr, controlar e reprimir-lo uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte do salvamento acuático.

5.7) Cualificar e organizar, se é o caso, as actividades e competicións oficiais de carácter autonómico.

5.8) Organizar ou tutela-las competicións oficiais de carácter nacional que se celebren no territorio autonómico.

5.9) Exerce-lo control das subvencións que asignen as asociacións e entidades deportivas nas condicións que fixe a Secretaría Xeral para o Deporte.




5.10) Executar, se é o caso, as resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva.

5.11) Formar debidamente os técnicos en tódalas súas especialidades.

5.12) Contrata-lo persoal necesario para o cumprimento das súas funcións e a prestación dos seus servizos.

5.13) Autoriza-la venda ou cesión dos dereitos de transmisión televisada ou radiada das competicións oficiais de ámbito autonómico.

5.14) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola lexislación vixente ou que acorde no ámbito da súa competencia a asemblea xeral da federación.



Os actos realizados pola FESSGA, no exercicio das súas funcións públicas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso ante o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, as resolucións do cal esgotan a vía administrativa.

A FESSGA desempeña, respecto dos seus asociados, as funcións de tutela, control e supervisión que lle recoñece o ordenamento xurídico deportivo.

#### Artigo 6º

Quedan sometidos á disciplina da FESSGA os seus directivos, deportistas, técnicos-adestradores, xuíces-árbitros, así como os clubs, asociacións, e demais entidades deportivas, e os seus respectivos directivos, aínda cando actúen fóra do territorio autonómico.

#### Artigo 7º

A FESSGA estrutúrase en delegacións comarcais coincidentes en canto ó ámbito, co de cada unha das provincias galegas, non podendo existir máis dunha delegación dentro do termo provincial.

#### Artigo 8º

A FESSGA establécese en A Coruña, na Rúa Gambrinus, nº151, mod. 0 nave 3. CP 15008.

A comisión delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado de domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma Galega, será necesario o acordo maioritario da asemblea xeral. En ámbolos dous casos, o traslado do domicilio social deberá ser notificado ós afiliados e á Secretaría Xeral para o Deporte.



#### Artigo 9º

Establécese o principio de igualdade de tódolos asociados, sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

## Capítulo II


### Requisitos para ser membro da federación. Dereitos e deberes

#### Artigo 10º

As entidades deportivas poderán integrarse, por petición propia, na FESSGA, sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se encontren constituídas conforme os requisitos esixidos pola lexislación vixente e inscritos no rexistro público da FESSGA e no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, debendo comprometerse a cumprilos estatutos e regulamentos da autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexerán para a integración na federación dos deportistas, técnicos, xuíces e xurados e outros colectivos interesados se os houberse.

#### Artigo 11º



A integración na FESSGA producirase a expedición por parte desta, do documento de afiliación ou inscrición. Para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión da licenza ou documento de afiliación expedido pola FESSGA.

#### Artigo 12º

Tódolos membros da FESSGA teñen dereito a recibir a tutela dela con respecto ós seus intereses deportivos, así como o de participar nas súas actividades e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos dela.

Os membros da federación teñen, pola súa vez, o deber de acatar os acordos dos seus órganos, sen que isto obste ó seu dereito de recorrer, ante as instancias federativas competentes e, se é o caso, ante os tribunais de xustiza ou Secretaría Xeral para o Deporte.

### Capítulo III

#### As entidades deportivas

#### Artigo 13º


Por club de salvamento acuático e socorrismo enténdese aquela asociación privada de carácter deportivo que, constituída de conformidade coas disposicións vixentes, teña por obxecto principal a práctica e o fomento do deporte do salvamento acuático e socorrismo.

Poderán causar baixa na FEESGA os clubs e entidades que denoten falta de actividade durante un ano natural e polo incumprimento das obrigas estatutarias ou económicas da federación, sempre coa aprobación da Comisión Delegada ou Asemblea Xeral. -

#### Artigo 14º

Os clubs, asociacións e demais entidades afiliadas á FESSGA deberán de ter como obxetivos:



- a) A práctica e fomento do salvamento acuático e socorrismo.
- b) A organización de competicións nas condicións establecidas no correspondente regulamento ou nos acordos federativos.



#### Artigo 15º

Como entidades deportivas afiliadas á federación deberán:

- a) Cumprir cos estatutos e regulamentos da FESSGA.
- b) Aceptar os acordos e resolucións dos órganos federativos.
- c) Colaborar coa FESSGA facilitando as súas instalacións deportivas para cumprir os fins federativos.
- d) Contribuír ó sostemento da FESSGA e pagar as súas cotas, exaccións e multas federativas.



- e) Cooperar coas autoridades federativas na xestión administrativa, facilitando os datos de información que se soliciten.
- f) Coidar do mantemento da disciplina entre os seus socios, nos termos establecidos polas normas desenvolvidas pola Lei do deporte.
- g) Cumprir calquera outra obriga establecida nos regulamentos técnicos e demais disposicións que lle sexan de aplicación.
- h) Estar inscritos no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

#### Capítulo IV

#### Licenzas Federativas

##### Artigo 16º

Para participar en competicións oficiais federadas, será obrigatorio estar en posesión da licenza federativa de salvamento.

A expedición da licenza corresponde a FESSGA, terá carácter regrado, e non poderá denegarse cando o solicitante reuna as condicións necesarias para a súa obtención.

A licenza federativa outógalla ao seu titular a condición de membro da FESSGA e habilitao para participar nas actividades e competicións deportivas dentro do seu ámbito.

O importe das cuotas de licencias serán aprobadas pola Asemblea Xeral da FESSGA.


##### Artigo 17º

Poderán obter a licenza federativa as persoas que reúnan os requisitos necesarios conforme as existencias da especialidade de salvamento, agás as persoas que estean inhabilitadas por sanción deportiva disciplinaria.

##### Artigo 18º

A condición de federado perderase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Por falecemento.
- b) Por vontade propia.
- c) Por sanción disciplinaria.
- d) Por non renovación ou falta de pago.
- e) Por incorrer en algún erro na expedición de documentación.



## TÍTULO II

### Dos órganos de goberno e representación

#### Capítulo I

##### Normas xerais

###### Artigo 19º

Son órganos de goberno e representación da FESSGA asemblea xeral e o presidente.

No seo da asemblea xeral deberá constituírse unha comisión delegada de asistencia a ésta.

###### Artigo 20º

1.Son órganos electivos da federación o presidente, a asemblea xeral e a súa comisión delegada no ámbito das súas respectivas competencias.




2.O nomeamento ou renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios e dos comités que puidesen crearse dentro da federación deberán ser comunicados a tódolos membros da asemblea xeral e á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de 15 días a partir da data do nomeamento.

3.Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes estatutos; os seus acordos, salvo disposición expresa que dispoña o contrario, adoptaranse por maioría simple; en caso de empate o presidente terá voto de calidade.

4.A responsabilidade dos membros dos órganos da federación no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto no Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, e nos ámbitos civil e penal de acordo coa lexislación xeral de aplicación.

5.Son requisitos xerais para ser candidato a presidente ou a membro da asemblea xeral da FESSGA, sen prexuízo do establecido regulamentariamente, as condicións seguintes:

- a)Te-la condición de cidadán de Galicia según o Estatuto de Autonomía.
- b)Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c)Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d)Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o cargo público.
- e)Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes estatutos.
- f)Reuni-los requisitos específicos propios de cada estamento.





6. Tódolos membros dos órganos federativos que formen parte deles por elección desempeñarán o seu mandato por tempo de catro anos, coincidentes co período olímpico de que se trate e poderán, en todo caso, ser reelixidos, sen límite de mandatos.

7. No suposto en que por calquera circunstancia non consumaran aquel período de mandato, os que ocupen as vacantes exercerán o cargo por tempo igual ó que lles quedase por cumprir ós substituídos. Os substituídos non poderán presentarse a unha nova elección agás que trascorra o período olímpico para o que foron elixidos.

## Capítulo II

### Da asemblea xeral

#### Sección primeira

#### **Natureza, composición, nomeamento e cesamento**

##### Artigo 21º

A asemblea xeral é o órgano de goberno superior e de representación da FESSGA

##### Artigo 22º

A asemblea xeral está constituída polo presidente ou presidenta da federación, polos representantes das entidades deportivas, os deportistas, técnicos, os xuíces e xurados.

As entidades deportivas non poderán ser membros da asemblea xeral se no momento da convocatoria de eleccións non figuran inscritas no rexistro público da FESSGA e no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, poderán asistir ás reunións desta última, con dereito a voz pero sen voto.

##### Artigo 23º

O número de membros da Asemblea Xeral fixarase no Regulamento electoral que regule a convocatoria de eleccións a ela. A composición e a representación dos estamentos sinalados anteriormente responderá ás seguintes proporcións:

-Entidades deportivas: 70%.

-Deportistas: 20%.

-Técnicos: 5%.

-Xuíces e xurados: 5%.



##### Artigo 24º

A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da asemblea xeral e o de cada un dos seus estamentos.

##### Artigo 25º

Os membros da asemblea xeral e a comisión delegada cesarán polas seguintes causas:

a) Defunción.



- b) Disolución da entidade á que representan.
- c) Expiración do mandato para o que foron elixidos.
- d) Renuncia voluntaria ou dimisión.
- e) Estar incurso en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que ostenta.
- g) Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

#### Artigo 26º

As vacantes que produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, na falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupa-las vacantes ás que se refire o apartado anterior ostentarán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

#### Sección segunda



#### **Réxime de funcionamento**

##### 1. Competencias.

#### Artigo 27º

Son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

1. A aprobación e modificación dos estatutos da FESSGA.
2. A elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto do presidente e da comisión delegada da FESSGA, así como o cesamento e a moción de censura ó presidente, que deberá ser constructiva.
3. Aprobación do orzamento anual da Fessga e a súa liquidación.
4. Aprobación do programa ou calendario deportivo anual que desenvolverá a FESSGA, e das bases ou regulamentos que rexerán a competición.
5. Aprobación do regulamento de eleccións á Asemblea Xeral, do presidente e da comisión delegada da FESSGA.
6. Aprobación do Regulamento de disciplina deportiva.
7. Aprobación de calquera outro regulamento de entidades deportivas de Galicia.
8. Disolución da FESSGA.
9. Nomea-los membros do Comité de Disciplina Deportiva, a proposta de Xunta Directiva.
10. Nomea-los membros do Comité de Árbitros e Arbitros, a proposta de Xunta Directiva.
11. Calquera outra competencia da federación que non estea expresamente atribuída polos presentes estatutos a outro órgano.



## 2. Convocatoria.

### Artigo 28º

A convocatoria da Asemblea Xeral será realizada polo presidente da FESSGA e deberá conte-la orde do día da reunión; esta farase pública no taboleiro de anuncios da FESSGA, con 10 días de antelación á data de celebración. En todo caso, notificarase individualmente a cada un dos membros da asemblea xeral, por calquera dos medios que permita ter constancia da data de recepción dela cunha antelación mínima de 48 horas.

1. Os defectos formais na convocatoria non darán lugar á nulidade da asemblea sempre e cando os membros dela recibisen a convocatoria coa orde do día no prazo establecido, e en todo caso, a asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concorran a totalidade dos seus membros.

### Artigo 29º

O presidente da FESSGA deberá convocar unha asemblea xeral ordinaria anualmente, antes de comeza-la nova tempada deportiva, para trata-los asuntos propios da Xestión ordinaria e, como mínimo, para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo, e das bases ou regulamentos que rexerán a competición e para a aprobación da memoria de actividades anuais.



1. Tódalas demais asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo presidente da FESSGA, sempre que o coide oportuno, ou por petición dun número de membros que integren a asemblea xeral non inferior ó 25%. Neste caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixida ó presidente da federación, indicando os puntos que compoñerán a orde do día.

2. O presidente da FESSGA, no prazo máximo de 10 días naturais desde a entrada da solicitude da convocatoria da asemblea extraordinaria por un número de membros suficientes, no rexistro da FESSGA, deberá convoca-la asemblea xeral con carácter extraordinario, cos requisitos de forma sinalados nestes estatutos e coa orde do día solicitada, sen incluír ningún outro punto, que se celebrará nun prazo non superior a 20 días naturais desde a convocatoria. Caso de negativa expresa do presidente a efectua-la convocatoria ou pasados 10 días desde que a solicitude fose efectuada sen ter sido respondida, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente establece, ante a Secretaría Xeral para o Deporte para a convocatoria dos órganos de goberno.

3. Cando o presidente da Federación aprecie a existencia dunha situación urxente que non permita demora na convocatoria da asemblea extraordinaria, poderá convocala sen suxeición a prazo nin requisito de forma ningún salvo a citación persoal dos asembleístas que poidan ser localizados nos enderezos ou teléfonos que consten na federación. En todo caso, a Asemblea Xeral requirirá, como mínimo, a presenza de 2/3 dos seus membros e antes de analiza-la orde do día pronunciarase previamente, por maioría de asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non da súa celebración. En todo caso, nunha asemblea xeral convocada deste xeito non poderán modificarse os puntos aprobados en sesións anteriores da asemblea.

### Artigo 30º

A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a metade máis un dos seus membros.



En segunda convocatoria será válida, sexa cal sexa o número de asistentes. Deberá mediar un mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatoria.

### 3. Adopción de acordos.

#### Artigo 31º

Non será admisible en modo ningún para o establecemento do seu quórum o voto, por correo nin a delegación de voto sendo, por tanto, necesaria a presenza física dos seus membros.

Ninguén poderá ostentar na Asemblea Xeral máis danha delegación de voto.

#### Artigo 32º

As votacións no seo da Asemblea Xeral realizaranse na forma e pola orde que a presidencia estableza, sendo esta a que decidirá se serán ordinarias, nomináis ou secretas; se polo menos o 25% dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.

#### Artigo 33º

A Asemblea Xeral será presidida polo presidente da federación e o seu voto será de calidade en caso de empate. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes.

#### Artigo 34º

De tódolos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Comisión Delegada levantará acta o secretario delas, especificando o nome das persoas que interviron e as demais circunstancias que se consideren oportunas, contido dos acordos adoptados, o resultado da votación e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os emita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

#### Artigo 35º



Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada serán vinculantes e de abrigado cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a FESSGA e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.



A Asemblea Xeral no poderá adoptar ningún acto que poida comprometer de forma irreversible o seu patrimonio ou a súa actividade que constitúe o obxecto propio da federación.

En caso de dúbida ou por petición dun 5% dos membros de dereito da asemblea, será requisito imprescindible a emisión dun informe favorable por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.

### Capítulo III



## A comisión delegada

### Natureza, constitución, composición e funcionamento

#### Artigo 37º

1.No seo da Asemblea Xeral deberá constituírse unha comisión delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.

2.A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que esa celebre despois da súa constitución mediante sufraxio entre os membros dela. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

3.O número de membros da Comisión Delegada será o 15% dos membros da asemblea xeral. En ningún caso este número será inferior a 5 nin superior a 15.

A composición é:

Estamento de clubs: 3

Estamento de deportistas-socorristas: 1

Estamento de xuices: 1

Estamento de técnicos-profesores:1

4. O presidente da federación convocará a Comisión Delegada, que se reunirá como mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia e polo menos para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da federación.



5. Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación do calendario deportivo.
- c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
- d) O seguimento da xestión deportiva e económica da federación.
- e) As que lle otorgue a Asemblea Xeral.

As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia asemblea xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se tratarán na Comisión Delegada corresponde ó Presidente ou a dous tercios dos membros da Comisión Delegada.

6. Son causas de cesamento da Comisión Delegada, ademais da concorrencia de calquera que leve a aparelado cesamento como membro da Asemblea Xeral, a dimisión específica como membro deste órgano, ou a renuncia a condición de membro de Asemblea Xeral.



## Capítulo IV

### Do presidente


#### Artigo 38º

O presidente da federación é o órgano executivo de goberno da FESSGA e que ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os seus acordos. A persoa titular da presidencia será elixida mediante sufraxio libre, igual e secreto polos componentes da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.

#### Artigo 39º

Ao presidente correspondelle as seguintes funcións:



- a) Convocar e presidir as reunións dos órganos colexiados e de todos os actos da FESSGA aos que asista con tal carácter.
- b) Velar polo cumprimento dos acordos dos órganos federativos conforme a normativa vixente.
- c) O voto de calidade en caso de empate.
- d) Estimular e coordinar a actuación dos distintos órganos federativos.
- e) Ordear os pagamentos a nome da FESSGA, conforme o Tesoureiro da entidade.
- f) Conferir poderes xerais especiais a letrados, procuradores, ou calquera persoa mandataria para ostente a súa representación legal, en xuízos, asembleas nacionais, reunións,...
- g) Sinatura de contratos e convenios.
- h) Nomeamento e cesamento da Xunta Directiva: secretario, tesoureiro, presidentes de comités, comisión, asesores e outros, comunicándollos a Asemblea Xeral.
- i) Nomeamento e cesamento de persoas que teñan relación laboral ca FESSGA, conforme a lexislación vixente e con acordo da Xunta Directiva.



A duración do cargo de presidente será de 4 anos, sen límite de mandatos.

No caso de que excepcionalmente, quede vacante a presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase demisionaria toda a xunta directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará á Asemblea Xeral, e esta acordará unha nova elección do presidente para cubri-la vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ó mandato ordinario. Se a vacante se produce por prosperar unha moción de censura, haberá que atenderse ó disposto ó respecto nestes estatutos.

#### Artigo 41º



O desempeño do cargo de presidente da FESSGA será causa de incompatibilidade coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras federacións deportivas; exceptuándose a federación española da mesma modalidade deportiva.
- b) Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas, ou clubs dependentes integrados na FESSGA.
- c) A persoa que resulte elixida como Presidente da Federación deberá cesar en todo tipo de actividades directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación.
- d) Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica docente e activa do deporte.

#### Artigo 42º

O presidente cesará por:

- a) Transcurso do prazo polo que foi elixido.
- b) Demisión.
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola asemblea xeral, de carácter constructiva.
- e) Por incorrer en causa de inelixibilidade, ou incompatibilidade. Neste último caso disporá dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de presidente.


#### Artigo 43º

A moción de censura ó presidente poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constitúan polo menos un 25% dela mediante escrito presentado no rexistro da federación. Na dita petición deberán solicitar do presidente a convocatoria dunha asemblea xeral extraordinaria coa dita moción como único punto da orde do día, así como propoñer un candidato alternativo á presidencia.


No caso de prosperar a moción de censura, debendo alcanza-la maioría absoluta de membros que compoñen a Asemblea, o candidato quedará investido, cun mandato polo prazo que falte para concluí-lo período ordinario.

Para a convocatoria da asemblea xeral extraordinaria a que se refire este artigo, haberá que aterse ó disposto no artigo 25 destes estatutos. A sesión da asemblea xeral en que se debata a moción de censura estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, non poderá presentarse unha nova dentro do mesmo mandato, como tampouco poderá presentarse, no caso de prosperar, contra o candidato investido na dita asemblea.



Título III



### Órganos complementarios dos de goberno e representación

#### Artigo 44º

Son órganos complementarios dos de goberno e representación da federación, para asistir ó presidente:

- a) A Xunta Directiva.
- b) O Secretario.
- c) O Tesoureiro.

#### Artigo 45º

1.A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da Federación; os seus membros son designados e separados libremente polo presidente, que a presidirá.

O número de membros non sera inferior a 5 nin superior a 15.




O presidente elixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un ou varios vicepresidentes, que o serán tamén da Federación, o cal ou cales substituirán o presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal, un Secretario que, pola súa vez, o será da Federación, así como un Tesoureiro. Tales cargos, en canto baseados na confianza, poderán ser removidos polo presidente, cando o considere conveniente.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral terán acceso a ela, con dereito a voz pero sen voto.

Tódolos cargos son honoríficos, excepto o do Secretario, que poderá ser retribuído; no caso de establecerse unha compensación económica a favor dalgún dos membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea Xeral e constar dunha maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo as subvencións públicas que reciba a federación. No caso da contratación dalgún membro da Xunta Directiva será aprobado pola Asemblea Xeral ou pola Comisión Delegada, comprobando a compensación económica e tipo de contrato, destacando esta partida nos presupostos e nas contas anuais, ademais de redactar as funcións que deberá realizar.

As funcións da Xunta Directiva son:

- Preparar os documentos, propostas que lle sirvan de base a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada para que esta exerza as funcións que lle corresponden.
- Fixará data e a orde do día da Asemblea Xeral e Comisión Delegada.
- Proporá a Asemblea e Comisión Delegada, as modificacións provisionalmente adoptadas ou as que resulten convenientes do regulamento de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.
- Proporá a Asemblea e Comisión Delegada, a aprobación dos Regulamentos da FESSGA, tanto técnicos como de competicións e modificacións.





- Propondrá a Asemblea e Comisión Delegada, o cambio de sede da FESSGA.
- Colaborará co Presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da FESSGA, na execución dos acordos dos demais órganos superiores colexiados de goberno e representación dela.
- Propondrá a Comisión Delegada a modificación do calendario deportivo.
- Propondrá a Asemblea Xeral o nomeamento do xuíz único de competición, do Comité de Apelación e do Comité de Xuices e Árbitros.
- Executar e decidir cuestións de interese federativo que non estean especialmente reservadas a outros órganos de goberno superiores da FESSGA.

2. O presidente da Federación nomeará un Secretario, o cal exercerá as funcións de fedatario e asesor e, máis especificamente, por delegación do presidente:

1º. Desempeña funcións administrativas.

2º. Coordina a actuación dos diversos órganos da FESSGA.

3º. Prepara a resolución e despacho de tódolos asuntos.

4º. Vela polo cumprimento de tódalas normas xurídico-deportivas, tendo debidamente informado sobre o contido destas os demais órganos da FESSGA.

5º. Recibe e expide a correspondencia oficial da FESSGA e leva un rexistro de entrada e saída desta.

6º. Levanta acta das reunións dos órganos de goberno e complementarios da federación, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

7º. Organiza, mantén e custodia o arquivo da federación.

8º. Expedirá as certificacións oportunas da federación.

9º. Remitirle á Secretaría Xeral para o Deporte as actas das reunións da asemblea xeral e da comisión delegada no prazo de 15 días desde a data da súa celebración, así como as convocatorias delas.

10º Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e de orzamento, así como a de contabilidade e tesourería en caso de non existir a figura de tesoureiro.

11º. Calquera outra función que lle designe o presidente.

3. O tesoureiro da Federación exercerá como funcións propias:

a) Leva-la contabilidade da federación.

b) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da federación.

c) Elaborar e presentar informes á comisión delegada do estado contable da federación.



Artigo 46º

Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Demisión.
- b) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- c) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade.
- d) Cesados directamente polo Presidente co cumprimento das comunicacións que se retiren os presentes estatutos.

Artigo 47º

A Xunta Directiva como órgano colaborador do Presidente non terá competencias propias e exercerá por delegación as que lle encomende o Presidente, que poderá avocar e revogar en calquera momento.

Artigo 48º

Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo Presidente e o Secretario.

**TÍTULO IV**

**Dos órganos técnicos e asesores**

**Capítulo I**

**Comisión en xeral**



Artigo 49º

1. A Federación poderá crear, logo de aprobación pola Asemblea Xeral, cantas comisións técnicas precise, ademais das seguintes:

- a) Os comités de disciplina deportiva: Comité de Competición ou xuíz único e Comité de Apelación.
- b) Comité de xuíces e xurados.

2. Tódalas comisións se rexerán polos seus respectivos regulamentos internos e, se é o caso, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes estatutos.

Tódolos presidentes dos comités serán nomeados polo presidente da federación. O secretario da federación intervirá como secretario de tódolos comités, sen voz e sen voto, salvo que fose membro deles. O presidente, cando o considere necesario, poderá nomear un secretario específico para cada comité, que deberá consultar co secretario xeral da federación ante calquera cuestión que lle competa.

3. O Presidente da FESSGA, á vista das necesidades federativas, poderá crear outros cargos e órganos administrativos que considere precisos para o mellor funcionamento dela, podendo ser estes cargos remunerados.

## Capítulo II

### Comité de xuíces e xurados

#### Artigo 50º

No seo da Federación constituirase, de maneira obrigatoria, un comité de xuíces e xurados, no cal o presidente será designado polo presidente da federación.

Este Comité estará formado por un mínimo de 3 membros: Presidente, Secretario e Vocal. Podendo nomear asesores que colaboren co Comité.

Este comité poderá adoptar a estrutura territorial da federación. Serán funcións deste comité:

- a) Establece-los niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente, en función de criterios prefixados pola Asemblea Xeral, os xuíces ou árbitros, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición as categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
- c) Propoñe-los candidatos a xuíces ou árbitros nacionais.
- d) Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase para a súa posterior aprobación pola asemblea xeral.
- e) Designa-los colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da federación respectiva na formación dos xuíces e árbitros.

## Capítulo III

### Comité de Disciplina Deportiva



#### Artigo 51º

A FESSGA en material deportiva ten potestade sobre tódalas persoas que forman parte da suá estrutura orgánica, as entidades deportivas e os seus deportistas, técnicos, directivos, xuíces e árbitros, e en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolvan a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega.

#### Artigo 52º

Os órganos competentes en materia disciplinaria conforman o Comité de Disciplina Deportiva da FESSGA e serán:

- a) En primeira instancia o Xuíz Único da FESSGA.
- b) En segunda instancia o Comité de Apelación da FESSGA.



#### Artigo 53º

O Xuíz Unico como o Comité de Apelación, que estarán formados por 3 membros e 3 suplentes, serán nomeados por la Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

De non seren membros da FESSGA, dende o momento do seu nomeamento pasarán a formar parte da FESSGA.

#### Artigo 54º

A duración do cargo coincidirá co da Asemblea Xeral que os nomease, e durante ese período só cesarán porlas seguintes causas:

- a) Dimisión.
- b) Falecemento.
- c) Incapacidade física ou psíquica.
- d) Sanción que o inhabilite para o cargo.
- e) Perda de condición de membro da federación.

### Capítulo IV

#### A Escola Galega de Salvamento e Socorrismo

#### Artigo 54º

Para o mellor desenvolvemento das funcións formativas e docentes, que constitúen un dos fins da FESSGA, recoñécese a existencia da Escola Galega de Salvamento e Socorrismo, á fronte da cal se atopará a persoa que designe o presidente da FESSGA, ou o mesmo presidente




#### Artigo 55º

Teñ como funcións a formación e actualización permanente, impartindo para o efecto os cursos para a obtención da correspondente titulación dos técnicos da FESSGA, en colaboración, sempre que se considere necesario coa Federación Española de Salvamento y Socorrismo, e coa súa respectiva escola, se a houberse, ademais da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, no caso de Técnicos Deportivos de Salvamento e Socorrismo.

#### Artigo 56º

Así mesmo, compétenlle as seguintes atribucións:

- a) Velar pola calidade e o prestixio das titulacións expedidas pola FESSGA a través dos cursos necesarios para a súa obtención.
- b) Revisar e actualizar os plans de estudo para cada un dos niveis de titulación, adaptándose ó sinalado nas leis e disposicións vixentes de rango autonómico, relacionadas co salvamento e socorrismo profesional, e o deporte.
- c) Organización de congresos, seminarios, conferencias e calquera outra actividade relacionada cos fins da escola.



- d) Promover e difundir-lo salvamento e socorrismo, a tódolos niveis, mediante a relación con calquera centro de formación ou educación. Para tal efecto haberá que realiza-los convenios de colaboración pertinentes coas ditas entidades.
- e) Efectua-los procesos de validación de títulos, segundo o previsto nos regulamentos.
- f) As demais previstas no Regulamento da escola.

## TÍTULO V

### Regulamento electoral

#### Artigo 57º

Os procesos electorais desenvolveranse conforme o Regulamento Electoral, que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral por proposta do Presidente e regulará as seguintes cuestións:

1. Número de membros da Asemblea Xeral e número de representantes que corresponde a cada un dos estamentos.
2. Calendario electoral.
3. Censo electoral.
4. Composición, competencias e funcións da xunta electoral.
5. Requisitos para a presentación e proclamación de candidatos. O termo para a presentación de candidatos a presidente e membros da Asemblea Xeral non poderá ser inferior a 10 días.
6. Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións, así como os recursos electorais.
7. Regulación do voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non se admitirá esta clase de voto nas eleccións a comisión delegada e presidente.
8. Composición, competencia, funcionamento e localización das mesas electorais.
9. Elección de Presidente.
10. Elección de Comisión Delegada.


O regulamento electoral deberá ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.



## Capítulo I

### Comisión xestora

#### Artigo 58º



Acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral e aprobado o Regulamento Electoral, o Presidente procederá, no prazo sinalado nel, á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partir dese momento, a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora.

A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente, así como do Regulamento Electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas a través dun medio que permita asegura-la recepción da dita notificación. Deberá exponerse o Regulamento electoral o mesmo día da convocatoria.

A Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

## Capítulo II

### Circunscripción electoral

A circunscripción electoral será a Comunidade Autónoma de Galicia.

## Capítulo III

### Xunta electoral



1.A Xunta Electoral será eleixida pola Asemblea Xeral na que se aprobe a convocatoria de eleccións, e estará composta por tres membros titulares e 3 membros suplentes.


2.De entre os membros designados, o presidente será o de maior idade, e actuará como secretario o membro de menor idade.

3.Os membros da Xunta Electoral non poderán figurar como candidatos á Presidencia da federación nin a Asemblea Xeral.

4.A Xunta Electoral controlará todo o proceso electoral e terá competencia para coñecer e resolve-las incidencias que se produzan sobre o censo electoral, presentación e proclamación de candidatos, proclamación de membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada e do Presidente da FESSGA, así como a decisión de calquera outra cuestión que afecten directamente á celebración das eleccións e os seus resultados. Unha vez finalizada a votación levantará acta da votación e o reconto e remitirá a acta á Secretaria Xeral para o Deporte no prazo máximo de tres días.

5.As decisións da Xunta Electoral son executivas e formaranse por maioría de votos. En caso de empate, o voto do presidente terá carácter decisorio.

6.Unha vez concluído o proceso electoral da Asemblea Xeral, do Presidente da Federación e da Comisión Delegada, a Xunta Electoral disolverase.



## Capítulo IV

### Mesas electorais

#### Artigo 60º

Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, do Presidente e da Comisión Delegada, constituiranse unha ou varias mesas electorais na forma establecida no Regulamento Electoral. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos, axustándose no seu funcionamento as normas que se establezan no Regulamento electoral.

## Capítulo V

### Recursos

#### Artigo 61º

As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixíranse á xunta electoral, e contra o que esta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva. Así mesmo caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva contra tódolos actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou calquera outro órgano ou membro da federación en materia electoral.

## Capítulo VI

### Elección da asemblea xeral

#### Artigo 62º

1. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos xogos olímpicos de inverno, mediante subraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da federación, agás que concorran causas excepcionais que deberán ser autorizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte a través da publicación no Diario Oficial de Galicia da correspondente resolución.



2. As eleccións á Asemblea Xeral serán acordadas por ésta, que aprobará a convocatoria con tódolos requisitos que se establecerán no Regulamento electoral que así mesmo se aprobe.

3. Acordada pola Asemblea Xeral a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo presidente da federación, quen asinará esta.

4. Desde a convocatoria para a celebración desta Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o presidente constituiranse en comisión xestora, de acordo co disposto sobre ese asunto nos presentes estatutos.

#### Artigo 63º

Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 17.5 destes estatutos.



Os requisitos para ser electores ou elixibles deberán terse cumpridos no día en que se publique a convocatoria de eleccións.

#### Artigo 64º

As eleccións á Asemblea Xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes os estamentos integrantes dela de acordo co previsto nestes estatutos.

#### Artigo 65º


Os representantes das entidades deportivas na Asemblea serán elixidos por e entre os representantes que se encontren no censo electoral de entidades deportivas inscritas no Rexistro Público da Federación e no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, no momento da convocatoria das eleccións e estivesen igualmente inscritos durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competición ou actividades de carácter oficial organizadas pola FESSGA.

#### Artigo 66º

Os representantes dos deportistas na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os maiores de idade e en pleno exercicio dos seus dereitos civís, que teñan licenza en vigor expedida pola FESSGA ata o momento da convocatoria das eleccións e a tivesen durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola FESSGA.

#### Artigo 67º

Os representantes dos técnicos e dos xuíces e xurados na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os pertencentes a cada estamento, calquera que sexa a súa categoría, dos que teñan licenza en vigor no momento da convocatoria das eleccións e tamen tivesen na tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola FESSGA.



### Capítulo VII


#### Elección do presidente

#### Artigo 68º

Unha vez concluídas as eleccións á Asemblea Xeral, o presidente da Comisión Xestora, logo de acordo dela, procederá á convocatoria da dita asemblea xeral para elixi-lo presidente e a comisión delegada da federación.

O presidente será elixido para un período de catro anos, coincidindo cos anos en que se celebren os Xogos Olímpicos de inverno, pola asemblea xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por tódolos membros da dita asemblea xeral. Os candidatos a presidente poderán non ser membros da asemblea xeral.

#### Artigo 69º





Será elixido Presidente, o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos emitidos. No caso de que ningún candidato alcance esta maioría, procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elixido o que obteña a maioría de votos.

No suposto de que se presentase un so candidato, non se efectuará votación, sendo proclamado presidente o único candidato pola Secretaría Xeral para o Deporte.

#### Artigo 70º

Para poder ser candidato a Presidente da federación, deberán de reunirse as condicións xerais definidas no artigo 17.5 dos presentes estatutos.

#### Artigo 71º

Non se admitirá o voto por correo nin por delegación das persoas físicas.

### Capítulo VIII

#### Elección da comisión delegada

#### Artigo 72º

Na mesma Asemblea Xeral convocada para a elección de Presidente, e unha vez realizada esta, procederase á elección dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

A Comisión Delegada estará composta polo 15% da asemblea xeral cun máximo de 15 membros e un mínimo de 5, e ademais o presidente da federación.

Serán elixidos membros da comisión delegada os que obteñan maior número de votos ata cubri-lo número de membros correspondente á comisión delegada.

### TÍTULO VI


#### Réxime económico

#### Artigo 73º

A Federación está sometida ó réxime de administración, orzamento e patrimonio e caixa única. O exercicio económico corresponderase co ano natural, aperturándose o 1 de xaneiro e finalizando o 31 de decembro.

O Tesoureiro someterá á Asemblea Xeral ordinaria, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica, así como o orzamento para a tempada seguinte, balance e orzamento que deberá ser notificado á Secretaría Xeral para o Deporte.

Non poderá aprobarse un orzamento deficitario salvo autorización da Secretaría Xeral para o Deporte. Tampouco poderán repartirse beneficios entre os seus membros.



#### Artigo 74º

A FESSGA ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamentos e patrimonios, séndolles de aplicación, en todo caso, as seguintes regras:

a) Poden promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público e deben aplica-los beneficios económicos, se os houbese, ó desenvolvemento do seu obxecto social.

b) Poden gravar e allea-los seus bens inmoables, tomar diñeiro en préstamo e emitir títulos representativos da débeda ou da parte alícuota patrimonial, sempre que os ditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou do seu obxecto social.


Cando se trate de bens inmoables que fosen financiados en todo ou en parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma galega, será preceptiva a autorización da Secretaria Xeral para o Deporte para o seu gravame ou alleamento.



c) Poden exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servicios e destina-los seus bens e recursos os mesmos obxectivos deportivos, pero en ningún caso poderán repartir beneficios entre os seus membros.

d) Non poderán comprometer gastos de carácter plurianual, no seu período de mandato, sen autorización previa da Secretaria Xeral para o Deporte, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu orzamento ou supere o período de mandato do presidente.

#### Artigo 75º

A FESSGA elaborará unha memoria na que se incluírá a liquidación do orzamento que analizará fielmente a actividade económica da federación, a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos que se pretenden desenvolver, e informar separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

- 
1. Diferenciación dos ingresos e achegas segundo:
    - a) Subvencións públicas.
    - b) Subvencións, donativos ou achegas privadas.
    - c) Ventas e activos.
    - d) ingresos procedentes de competicións organizadas.
    - e) Ingresos para servicios prestados pola federación, permisos, licencias e outros.
    - f) Ingresos financeiros.
    - g) Ingresos por actividades de xestión de salvamento.
    - h) Ingresos por cursos de formación.



2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo ou investimentos seguintes:

- a) Administración da federación.
- b) Dirección e servizos da directiva, incluíndo viaxes.
- c) Competicións.
- d) Axudas a clubs e outras entidades.
- e) Axudas para actos deportivos.
- f) Construcións e outros inmovilizados.
- g) Formación de deportistas e técnicos.
- h) Deportes de élite e profesional.
- i) Xuíces e xurados.
- j) Órganos xurisdiccionais.
- k) Xestión de actividades profesionais.

3. O importe das obrigas de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

4. O importe das garantías e os avais comprometidos.


5. A liquidación do orzamento que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na asemblea xeral anterior.

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da federación cunha antelación mínima de 15 días á data de celebración da Asemblea Xeral, á disposición das persoas ou entidades con dereito a voto nela, as cales poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da asemblea.

O peche de exercicio da Federación será o 31 de decembro do ano en curso, asemade, aprobarase en asemblea durante o último trimestre do ano, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que nas subvencións públicas se refire, as condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devantado orzamento será remitido a Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación.

#### Artigo 76º

Constitúen os ingresos da federación:



- a) As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que outras entidades públicas poidan concederlle, así como as provenientes, se é o caso, da Federación Española de Salvamento y Socorrismo.
- b) Os bens ou dereitos que reciba por herdanza, legado ou doazón de persoas físicas ou entidades particulares, así como os premios que lle sexan outorgados.
- c) As cotas dos seus afiliados.
- d) As sancións pecuniarias que lles impongan os seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) Os froitos, rendas e xuros dos seus bens patrimoniais.
- f) Os préstamos ou créditos que lle concedan.
- g) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- h) Os beneficios de xestión e cursos de formación en salvamento.
- h) Calquera outro que poida serlle atribuído por disposición legal ou en virtude de convenio.

1. A FESSGA destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins do seu obxecto social.

#### Artigo 77º

A xestión económica ordinaria será por conta do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, cuidando das operacións de cobramentos e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do presidente ou do vicepresidente autorizado tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable de levanza e custodia dos libros de contabilidades. Formulará os balances que anualmente, deberán presentarse á asemblea xeral para a súa aprobación.




#### Artigo 78º

O réxime documental da federación comprenderá, como mínimo, os seguintes libros debidamente dilixenciados:

- a) Libro de rexistro de entrada e saída de documentos oficiais.
- b) Libro de rexistro de clubs nos que constarán a denominación destes, domicilio social e número de inscrición no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos da federación, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libro de contabilidade.
- e) Libro inventario de bens mobles e inmobles.

### TÍTULO VII

#### Réxime documental



f) Rexistro dos membros da Asemblea Xeral e da comisión delegada no que deberán consta-los nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.

#### Artigo 78º

O réxime documental da FESSGA estará a cargo do Secretario a quen lle corresponde a custodia dos libros da federación, levantar actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e prace do presidente, expedir certificación, remití-las certificacións e acordos que procedan á Secretaría Xeral para o Deporte e, en xeral, prepara-la resolución e despacho de tódolos asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física do secretario, as funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da federación ou pola persoa en quen delegue.

### TÍTULO VIII

#### Capítulo I

#### Réxime disciplinario e xurisdiccional

#### Artigo 79º Disposicións Xerais

A federación, en materia de disciplina deportiva, ten potestade sobre tódalas persoas que formen parte da súa estrutura orgánica, as entidades deportivas e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e xurados e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federados, desenvolvan as actividades deportivas que constitúen o seu obxecto social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega.

O obxecto do presente título e o desenrolo do réxime disciplinario deportivo da FESSGA, de acordó co disposto nos Estatutos e conforme ao establecido na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súas disposicións e desenrolo.

#### Artigo 80º Ámbito de aplicación



1.O réxime disciplinario estédese ás infraccións das regras de xogo ou da competición e das normas xerais da conducta deportiva establecidas na Lei 3/2012, nas disposicións que a desenvolvan, e nos Estatutos e Regulamentos da FESSGA e resto de normas que resulten de aplicación.

2. O disposto neste Título serña de aplicación en todo tipo de actividades deportivas ou competicións de ámbito autonómico ou afecte a persoas que participen nelas. Tamén resultará de aplicación cando se trate de competicións de ámbito estatal ou internacional no caso de que os implicados estean representando oficialmente á FESSGA.

#### Artigo 81º Actividades e Competicións oficiais

Considéranse actividades e competicións oficiais aquelas que así se cualifiquen en pola FESSGA no seu calendario oficial, e en todo caso os campionatos e copas que sexan clasificatorias para as competicións de ámbito autonómico, estatal e internacional.

#### Artigo 82º Clases de infraccións



1. As infraccións no ámbito disciplinario clasifícanse en infraccións das regras do xogo ou da competición e infraccións das normas xerais da conduta deportiva.

2. Enténdese por infraccións das regras do xogo ou da competición as accións ou omisións que durante o curso da proba ou competición, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

3. Son infraccións das normas xerais da conduta deportiva as accións ou omisións que supoñan un quebrantamento de calquera norma de aplicación no deporte non incluída no apartado anterior ou dos principios da conduta deportiva recollidos na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia.

#### Artigo 83º Compatibilidade da Disciplina Deportiva

1. O réxime disciplinario deportivo é independente da responsabilidade civil ou penal, así como do réxime derivado das relacións laborais, que se rexerá pola lexislación que en cada caso corresponda.

2. A imposición de sancións en vía administrativa, conforme ao previsto no Título IX da Lei 3/12, do Deporte de Galicia e disposicións de desenvolvemento, relativo a prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva, non impedirá, no seu caso e atendendo ao seu distinto fundamento, a depuración de responsabilidades de índole deportiva a través dos procedementos previstos no presente Título, sen que poidan recaer sancións de idéntica natureza.

### Capítulo II

#### Organización disciplinaria deportiva

##### Artigo 84º Potestade disciplinaria



1. A potestade disciplinaria é a facultade de investigar e, de selo caso, sancionar os suxeitos que formen parte da organización deportiva federada con ocasión de infraccións das regras de xogo ou da competición, ou das normas xerais da conduta deportiva, establecidas no presente Título, na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e nas disposicións que a desenvolvan.

2. A potestade disciplinaria da FESSGA esténdese ás entidades deportivas, aos seus deportistas, técnicos e directivos, xuíces e árbitros e, en xeral, a todas aquelas persoas e entidades que, en condición de federados desenvolvan a especialidade deportiva correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma.

3. O exercicio da potestade disciplinaria deportiva dentro da FESSGA correspóndelle:

a) Xuíces ou árbitros, e o xurado de competición, durante o desenvolvemento das competicións ou probas con suxeición ás regras establecidas nas disposicións de cada proba deportiva.

b) Aos clubs e seccións deportivas sobre os seus socios ou asociados, deportistas, técnicos e directivos ou administradores. Os seus acordos nesta materia serán en todo caso recorribles ante os órganos disciplinarios da FESSGA.



c) Á FESSGA, a través dos seus órganos disciplinarios, sobre todas as persoas que forman parte da súa estrutura orgánica e, en xeral, sobre todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolven a actividade deportiva correspondente ao ámbito autonómico.

d) Ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, sobre as mesmas persoas e entidades que as federacións deportivas galegas, sobre estas mesmas e sobre os seus directivos.

A competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva artículase, en vía de recurso contra as decisións federativas, ou en primeira instancia cando así o determine a normativa de aplicación.

4. A FESSGA, exerce a potestade disciplinaria deportiva de acordo coas súas propias normas estatutarias, regulamentarias e co resto do ordenamento xurídico deportivo, instruindo e resolvendo expedientes disciplinarios deportivos de oficio ou a instancia do interesado.

#### Artigo 85º Órganos disciplinarios

1. Os órganos competentes en materia de disciplina deportiva da FESSGA serán:

a) En primeira instancia federativa: Xuíz Único.

b) En segunda instancia federativa: o Comité de Apelación.

2. O Xuíz Único coñecerá en primeira instancia, con carácter xeral, as incidencias que teñan a súa orixe no desenrolo da proba ou competición, e deriven da acta ou de informes complementarios á mesma, subscriba polos xuíces e/ou polo xurado de competición. Así mesmo, coñecerá en primeira instancia, das infraccións ás normas xerais da conduta deportiva.

3. O Comité de Apelación, coñecerá en segunda instancia, de tódolos recursos que se formulen contra as resolucións ditadas polo Xuíz Único.

4. Tanto o Xuíz Único como o Comité de Apelación, que estará formado por 3 membros, así como os seus suplentes no caso de vacante, ausencia, enfermidade, abstención ou recusación, serán designados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva da FESSGA. Ámbolos dous órganos actuarán con independencia dos restantes órganos da FESSGA, decidindo en vía federativa as cuestións obxecto das súas competencias.



5. A duración do cargo do Xuíz Único e do Comité de Apelación coincidirá coda Asemblea Xeral que os nomease, e cesarán palas seguintes causas:

a) Renuncia ou dimisión.

b) Falecemento.

c) Incapacidade física ou psíquica.

d) Sanción que o inhabilite para o cargo.



e) Perda da condición de federado.

6. Actuará como secretario do Xuíz Único e do Comité de Apelación, o Secretario Xeral da FESSGS, que actuará con voz pero sen voto.

7. As resolucións ditadas polo Xuíz Único poderán ser impugnadas ante o Comité de Apelación, e as ditadas por este en segunda instancia federativa terán carácter definitivo e poderán ser recorridas perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

#### Artigo 86º Conflicto de competencias

Os conflitos que sobre a tramitación ou resolución de cuestións disciplinarias se susciten entre entidades, técnicos, xuíces, árbitros ou deportistas afiliados á FESSGA serán resoltos polo Comité de Apelación da FESSGA.



### CAPÍTULO III

#### Principios informadores, circunstancias modificativas, causas de extinción da responsabilidade disciplinaria deportiva, e prescrición de infraccións e sancións

#### Artigo 87º Principios informadores

As disposicións estatutarias e regulamentarias que regulen a disciplina deportiva no ámbito da FESSGA deberán basearse nos seguintes principios informadores:

- a) A tipificación das infraccións, consonte ás peculiaridades da especialidade deportiva en cuestión, e tamén as sancións correspondentes a cada unha daquelas.
- b) O establecemento dun sistema de sancións proporcional ao da infracción tipificada, e o réxime da súa aplicación en función das características concorrentes.
- c) A prohibición da dobre sanción polos mesmos feitos.
- d) A aplicación dos efectos retroactivos favorables.
- e) A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas, no momento da súa comisión.
- f) Os distintos procedementos de tramitación e imposición, se é o caso, de sancións, que en todo caso respetarán os principios do procedemento administrativo sancionador.
- g) O sistema de recursos contra as sancións impostas, no que terá que mencionarse expresamente o recurso ao Comité Galego de Xustiza Deportiva contra as resolucións dos órganos disciplinarios federativos.





- h) No establecemento de sancións pecuniarias, deberase prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.
- i) Na determinación do réxime sancionador, así como na imposición de sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.
- j) Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
- k) En función das circunstancias previstas nas lineas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

Artigo 87º Circunstancias atenuantes e agravantes da responsabilidade

- 1.- Serán consideradas circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
- 2.- Serán consideradas circunstancias agravantes a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción.


Existe reincidencia cando o infractor cometa polo menos unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo de dun ano.

Artigo 88º Causas da extinción da responsabilidade

1. A responsabilidade disciplinaria extínguese:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- e) Por disolución da entidade deportiva sancionada.
- d) Por prescrición das infraccións ou sancións.
- e) Por perda da condición de federado do infractor.

2. Cando a perda da condición de federado á que se refire o apartado e) deste artigo sexa voluntaria, este suposto de extinción terá efectos meramente suspensivos si quen estivese suxeito a procedemento disciplinario en trámite ou houbera sido sancionado, recupe rara en calquera especialidade deportiva, e dentro do prazo de 3 anos, a condición de federado, en cuxo caso o tempo de suspensión da responsabilidade disciplinaria deportiva non se computará aos efectos da prescrición das infraccións nin das sancións.



*[Handwritten signatures]*

#### Artigo 89º Prescripción de infraccións e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
2. O termo de prescripción comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
3. A sancións prèscribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquirirá firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comezase.

### CAPÍTULO IV

#### Infraccións e sancións

##### Sección I

##### Infraccións




#### Artigo 90º Disposicións xerais e clasificación

1. Son faltas disciplinarias, as infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas nesta lei.
2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

#### Artigo 91º Infraccións moi graves

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

1. As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, xornada ou competición.
2. Os comportamentos, actitudes e xestos agresivos, e antideportivos ou discriminatorios dos participantes, cando se dirixan aos xuíces, a outros participantes, auxiliares, técnicos, dirixentes, autoridades deportivas ou ao público en xeral, sempre que revistan especial gravidade.
3. Os quebrantamentos de sancións ou das medidas cautelares impostas pola comisión de infraccións graves ou/moi graves.



4. A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas da competición cando poidan alterar a seguridade da proba, da xornada ou da competición, ou poñan en perigo a integridade das persoas.
5. Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva e dos órganos disciplinarios da FESSGA.
6. A inasistencia sen causa xusta dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
7. A reiteración de infraccións graves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola acumulación de tres ou máis infraccións graves no período de dous anos.
8. Participar indebidamente, non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, das xornadas ou das competicións.
9. O incumprimento de acordos da Asemblea Xeral, dos regulamentos e estatutos federativos.
10. As declaracións públicas de directivos, xuíces, deportistas ou socios que inciten aos seus equipos, aos participantes ou aos espectadores, á violencia.
11. Os actos notorios e públicos que atenten contra a dignidade e decoro deportivos, cando revistan unha especial gravidade.
12. A participación en actividades ou competicións federativas sen estar en posesión da licenza federativa da FESSGA en vigor ou cos seus datos falseados.
13. A participación en actividades ou competicións federativas sen estar en posesión da documentación preceptiva en vigor esixida pola lexislación vixente.
14. Os abusos de autoridade.
15. AS actuación dirixidas a determinar mediante precio, intimidación ou acordo simple o resultado dunha proba ou competición.
16. A promoción, incitación, administración ou consumo de sustancias, ou emprego de métodos destinados a aumentar artificialmente as capacidades físicas dos deportistas, ou a modificar os resultados das competicións, que foran declaradas como prohibidas polas disposicións vixentes, así como a negativa a someterse aos controis esixidos por órganos e persoas competentes, ou calquera acción ou omisión que impide ou perturbe a correcta realización de tales controis.
17. A manifesta desobediencia ás ordes e intrucións emanadas de xuíces, árbitros, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.
18. A violación de segredos en asuntos dos que se coñezan por razón do cargo desempeñado.






*[Handwritten signatures]*

19. As protestas, intimidacións ou coaccións colectivas ou tumultuarias, que impidan a celebración dunha xornada, proba ou competición, ou que den lugar a súa suspensión.
20. Os actos de rebeldía contra os acordos da FESSGA.
21. A deixación e usurpación de funcións.

Artigo 92º Infraccións graves

1. O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes. En tales órganos atópanse comprendidos os xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.
2. Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
3. A reiteración de infraccións leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período de dous anos.
4. A utilización indebida de denominacións ou a realización de actividades propias ou exclusivas da FESSGA de forma que se poida producir unha situación de confusión sobre a verdadeira natureza da actividade dos seus organizadores ou do réxime de responsabilidade.
5. O quebrantamento de sancións ou de medidas cautelares impostas pola Comisión de infraccións leves.
6. A non convocatoria nos prazos e condicións legais, de maneira sistemática e reiterada dos órganos colexiados federativos.
7. A manipulación ou alteración xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas da competición.
8. Os insultos, ofensas, ameazas, coaccións ou provocacións graves dirixidas a participantes, xuíces, técnicos, auxiliares, dirixentes, autoridades deportivas, ou espectadores.
9. As agresións realizadas a participantes, xuíces, técnicos, auxiliares, dirixentes, autoridades deportivas ou espectadores.
10. Os xestos, expresións, ademáns de menosprezo dirixidos de xeito grave e reiterado a participantes, xuíces, técnicos, auxiliares, dirixentes, autoridades deportivas, ou espectadores.
11. A formulación de observacións vexatorias graves e reiteradas ou a comisión de actos de desconsideración ou vexación graves e reiterados dirixidos a participantes, xuíces, técnicos, auxiliares, dirixentes, autoridades deportivas ou espectadores.
12. A recepción ou doazón de cantidades por parte dos participantes, dos seus equipos ou dos directivos como estímulo para obter un determinado resultado.
13. A negativa por parte do xuíz a dirixir unha competición ou alegar causas falsas para evitar unha designación.



14. A incomparencia inustificada por parte do Xuíz a una proba ou competición.

15. A suspensión por parte do xuíz dunha proba ou competición sen a concorrencia de causas graves que afecten á seguridade das persoas ou instalación.

16. A confección por parte do xuíz de informes incompletos, maliciosos, falsos ou equívocos sobre os feitos ocorridos antes, durante ou despois da proba ou competición, que puidera motivar a actuación improcedente dos órganos disciplinarios federativos.

17. As faltas de consideración ou respecto hacia outros xuíces e árbitros sempre que nos revistan a condición de moi graves.

#### Artigo 93º Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves as seguintes:

1. As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.

2. A incorrección co público, cos participantes e cos subordinados.

3. A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

4. As observacións formuladas aos xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións en forma levemente incorrecta.

5. O descoido na conservación e coidado das instalacións deportivas, os espazos acuáticos naturais e outros medios materiais.

6. O non persoamento por parte do xuíz no lugar da competición coa antelación regulamentaria ao comezo da mesma.

7. O consentimento por parte do xuíz de actitudes antideportivas dos participantes na competición.

8. O incumprimento por parte do xuíz das súas obrigas regulamentarias.

9. O incumprimento por parte do xuíz auxiliar das instrucións que reciba dun xuíz principal sobre calquera aspecto das súas obrigas.



*[Handwritten signatures]*

## Sección II

### Sancións

#### Artigo 94º Sancións pola comisión de infraccións moi graves

Pola comisión de faltas moio graves imponse as seguintes sancións:



1. Multa de 3.005,06 euros a 30.050,61 euros.
2. Perda de puntos ou postos de clasificación.
3. Celebración de la prueba o competición a porta pechada.
4. Prohibición de acceso aos recintos ou lugares de desenvolvemento das probas ou competicións por tempo non superior a 5 anos.
5. Suspensión ou privación da licenza federativa por un prazo de dous a cinco anos, en proporción a infracción cometida.
6. Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva por prazo de 2 a 5 anos, en proporción a infracción cometida.
7. Privación da licenza federativa a perpetuidade.
8. Inhabilitación para ocupar cargos en organización deportiva a perpetuidade.
9. Destitución do cargo cando sexa cometida a falta polos directivos.

As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, sexan considerados deportistas ou técnicos profesionais.

#### Artigo 95º Sancións pola comisión de infraccións graves

Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:

1. Amoestación pública.
2. Multa en contía de 601,01 euros a 3.005,06 euros.
3. Perda de puntos ou postos na clasificación.
4. Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou inhabilitación temporal dun mes a dous anos, ou de 4 xornadas ou máis na mesma tempada.
5. No caso de que o sancionado fose un directivo a inhabilitación temporal será dun mes a dous anos para ocupar cargos.



6. No caso de que o sancionado fose un xuíz poderase impar ademais da sanción que corresponda a perda dos seus dereitos de arbitraje e a dieta por desprazamento se a houberse.

As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

#### Artigo 96º Sancións pola comisión de infraccións leves

Pala comisión de faltas leves impoñeranse as seguintes sancións:

1. Apercibimento
2. Multa de ata 601,01 euros.
3. Suspensión de ata 1 mes ou de 1 a 3 xoñadas na mesma tempada.
4. Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dunha a tres probas ou competicións.

#### Artigo 97º

A sanción pecunaria podrá interperse como accesoria de calquera outra, sempre que figure prevista para a categoría de infracción da que se trate e en congruencia coa gravidade da mesma.

A sancións persoais de multa só podera interperse en caso de que o sancionado perciba remuneración pola súa labor, en non poderá exceder do 20% da súa remuneración anual en tal concepto.

#### Artigo 98º

A inhabilitación ou privación da licenza federativa a perpetuidades ó poderá ser acordada por unanimidade dos membros do Comité de Disciplina Deportiva.

## CAPÍTULO V

### Procedementos disciplinarios deportivos


#### Sección 1

#### Disposicións xerais



#### Artigo 99º Clases de procedementos

1. Os procedementos para a imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas no capítulo anterior, serán o abreviado e o ordinario.
2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición.



3. O procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

Artigo 100º Reglas comúns aos procedementos

1. No non previsto neste Título, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario, debendo asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso, así como, de selo caso, o normal desenvolvemento da competición.

3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.

4. As actas subscribas polos xuíces ou árbitros da proba ou da competición, constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

5. As manifestacións do árbitro ou xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.




6. Os xuíces exercen a potestade disciplinaria durante o desenrolo da competición de xeito inmediato. Os afectados polas decisións dos xuíces ou do xurado de competición, no exercicio da súa potestade disciplinaria, poderá formular a pertinente reclamación diante do Xuíz Único da FESSGA de acordo co previsto no procedemento abreviado.

7. O Xuíz Único da FESSGA deberá, de oficio ou a instancia do instrutor do expediente, comunicar ao Ministerio Fiscal aquelas infraccións que puideran revestir carácter de delito. Nese caso os órganos disciplinarios valorarán as circunstancias que concorran a fin de acordar motivadamente a suspensión ou continuación do expediente disciplinario deportivo. No caso de acordarse a suspensión poderán adoptarse as medidas cautelares pertinentes.

8. Os prazos para a práctica da proba e para ditala resolución previstos nos artigos seguintes poderán ser ampliados no caso de imposibilidade de levalas a efecto nos períodos establecidos.

9. As peticións ou reclamacións plantexadas ante os órganos disciplinarios deportivos deberán resolverse de maneira expresa nun prazo non superior a 15 hábiles días, transcorrido o cal entenderanse desestimadas.

10. As resolucións e demais notificacións que se leven a cabo dentro dos procedementos disciplinarios notificaranse aos interesados mediante carta certificada, correo electrónico, ou calquera outro medio do que quede constancia da súa recepción.



Sección II



## Procedementos disciplinarios

### Artigo 101º Procedemento abreviado

As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

#### 1. Iniciación:

a) O procedemento abreviado iniciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscrita polo xuíz ou árbitro e polos competidores ou polo xurado de competición.

No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iniciase no momento no que teña entrada na FESSGA o anexo da acta da proba ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento.

b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da FESSGA dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.

#### 2. Tramitación e resolución:

a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na liña anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o Xuíz Único da FESSGA en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou na denuncia; podendo así mesmo propoñer ou achega-las probas que se consideren pertinentes.

Practicadas, no seu caso, as probas propostas a instancia de parte, ou de oficio, daráselle vista do expediente ao interesado para que no prazo de 2 días hábiles manifieste o que estime oportuno no seu descargo.

b) Unha vez concluídos os trámites contemplados no apartado anterior, ou transcorridos os prazos previstos, o Xuíz Único, ditará resolución no prazo de 15 días hábiles, na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.

c) A resolución ditada polo Xuíz Único notificaráselle aos interesados, con indicación de que contra a mesma cabe interpor recurso perante o Comité de Apelación da FESSGA no prazo de 2 días hábiles dende a súa notificación.


### Artigo 102º Procedemento ordinario

As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

#### 1. Iniciación:

a) O procedemento iniciase por acordo do Xuíz Único da FESSGA de oficio ou por instancia de persoa interesada.

Ao ter coñecemento dunha suposta infracción das normas deportivas xerais, o Xuíz poderá acorda-la instrución dunha información reservada antes de ditalo acordo no que se decida a incoación do expediente ou, no seu caso, o arquivo das actuacións.



b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, do órgano competente para impoñer a sanción, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberá selle notificar á persoa interesada.

Serán aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## 2. Tramitación:

a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución, ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable -e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer- ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións. Así mesmo, o instrutor propondrá o mantemento ou levantamento das medidas provisionais que, no seu caso, e houberan adoptado.

A proposta de Resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.



## 3. Resolución:

a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao Xuíz Único da FESSGA para resolver.



b) A resolución do Xuíz Único da FESSGA pon fin ao procedemento común e dítase no prazo máximo de vinte días hábiles.

c) A resolución ditada polo Xuíz Único da FESSGA notificaráselle aos interesados con indicación de que contra a mesma cabe interpor recurso perante o Comité de Apelación da FESSGA no prazo de cinco días hábiles dende a súa notificación.

### Artigo 103º Lexitimación para recorrer contra as sancións

Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

### Artigo 104º Medidas provisionais



1. En calquera momento do procedemento, o órgano competente para iniciar o expediente pode decidir, mediante un acto motivado, as medidas preventivas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que poida recaer nese procedemento, que lle deben ser notificadas á persoa interesada.

2. As medidas ás que se fai referencia na a línea anterior, que non teñen carácter de sanción, poden consistir en:

.- A suspensión da licenza federativa.

#### Artigo 105º Comité Galego de Xustiza Deportiva

As resolucións ditadas polo Comité de Apelación da FESSGA serán recorribles perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación, conforme ao previsto no Capítulo 11 do Título VII da Lei 3/ 12, do Deporte de Galicia, e no Decreto 120/13, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva. A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, salvo que asíse acorde polo propio Comité.

### TÍTULO IX

#### Da modificación dos estatutos e da disolución da FESSGA

#### Artigo 106º

Os estatutos da Federación só poden ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido nos presentes estatutos.

#### Artigo 107º

A proposta de modificación dos estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou a Comisión Delegada da Asemblea Xeral, nomeándose seguidamente por ela unha comisión técnica que realice os traballos necesarios para presentar á Asemblea Xeral o novo texto que se someterá a aprobación.



Aprobada a reforma dos estatutos pola Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte

#### Artigo 108º

A FESSGA extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acorde da maioría de 2/3 da asemblea xeral referendando, por maioría absoluta, por tódolos membros da Federación a través de votación libre, igual, directa e secreta, e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- b) Por revogación do seu recoñecemento.
- c) Por resolución xudicial.
- d) Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- e) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.



No caso de disolución, o patrimonio neto destinarase os fins de carácter deportivo que determina a Secretaría Xeral para o Deporte.

#### Disposicións adicionais

Primeira.-Os presentes estatutos serán de inmediata aplicación, unha vez aprobados pola asemblea xeral da FESSGA e ratificados pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Segunda.-O presente texto unha vez aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte será publicado no Diario Oficial de Galicia.

#### Disposición derradeira

Unha vez aprobados os presentes estatutos, quedarán sen valor e efecto ningún, os estatutos anteriores, así como cantos regulamentos, normas e acordos se opoñan.

